

Este proxecto técnico foi aprobado no Pleno do Consello Galego de
Estatística do día 29 de novembro de 2013

24-105 Centros especiais de emprego

PROXECTO TÉCNICO

Os centros especiais de emprego, tal como os define a súa normativa reguladora, son elementos básicos integradores do discapacitado no mundo laboral, e cumpren unha importante función social aportando oportunidades de emprego para os traballadores con discapacidade.

O obxecto desta actividade é a de coñecer a estrutura e localización destes centros especiais de emprego no ámbito territorial de Galicia, tomando como variables de referencia os seus datos identificativos.

1.- Definición

Os centros especiais de emprego son aqueles que realizan un traballo produtivo, participando regularmente nas operacións do mercado e tendo por finalidade o asegurar un emprego remunerado e a prestación dos servizos de axuste persoal e social que requiran os seus traballadores con discapacidade, á vez que sexa un medio de integración do maior número de persoas con discapacidade ao réxime de traballo normal.

Poderán ser autorizados como centros especiais de emprego aqueles centros de traballo que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Acreditar a personalidade do titular do centro.
- b) Xustificar mediante o oportuno estudo económico as posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, para o cumprimento dos seus fins.
- c) O seu cadro de persoal debe estar constituído por traballadores con discapacidade, en número non inferior ao previsto no artigo 2 do Decreto 200/2005, con contrato laboral formalizado por escrito conforme a normativa reguladora da relación laboral de carácter especial.
- d) Prever a integración do persoal técnico e de apoio coa titulación profesional adecuada que a actividade do centro precise, no seu cadro de persoal.

Deberán acreditarse así mesmo as seguintes circunstancias:

- a) A adecuación das persoas con discapacidade que integren o cadro de persoal e dos postos de traballo, determinando as súas posibilidades de integración real e capacidade de traballo.
- b) O centro deberá contar cunha estrutura e organización empresarial propia, independente e debidamente diferenciada doutras actividades do titular ou de persoas vinculadas por calquera título a este.

Organización e normativa

As principais funcións que se desenvolven neste campo son a cualificación, inscrición, baixa ou descualificación e certificación da condición de centros especiais de emprego a efectos administrativos.

Para a súa realización cóntase cun rexistro administrativo dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social da Consellería de Traballo e Benestar, con competencia sobre os centros especiais de emprego que teñan o seu domicilio social no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Normativa de aplicación

A Lei estatal 13/1982, do 7 de abril, de integración social dos minusválidos, configurou os centros especiais de emprego como unidades produtivas que, participando regularmente no mercado, teñen como finalidade primordial a integración laboral das persoas con discapacidade, así como a prestación dos servizos de axuste persoal e social que estes traballadores requiran.

Posteriormente, en virtude das competencias que con carácter exclusivo ten asumidas a Comunidade Autónoma de Galicia no artigo 27.23º do seu Estatuto de autonomía en materia de asistencia social, aprobouse a Lei autonómica 4/1993, do 14 de abril, que veu ordenar e estruturar o sistema integrado de servizos sociais da Comunidade Autónoma de Galicia, englobando os centros especiais de emprego como equipamentos propios dos servizos de atención especializada dirixidos a persoas con discapacidade.


Por outra banda, a citada norma estatal está desenvolvida por medio do Real decreto 2273/1985, do 4 de decembro, que establece, entre outros aspectos, que a creación destes centros esixe a súa inscrición nun rexistro administrativo dependente da Administración xeral do Estado ou da correspondente comunidade autónoma, segundo o ámbito competencial, e o artigo 32.3º da Lei 4/1993, do 14 de abril, tamén prescribe de que todas as entidades prestadoras de servizos sociais haberán de estar inscritas, con carácter previo ao inicio das súas actividades nun rexistro administrativo creado para o efecto.

Por medio do Real decreto 1928/1984, do 12 de setembro, sobre traspaso de funcións e servizos do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia da Unidade Administradora do Fondo Nacional de Protección ao Traballo, transferíronse á nosa comunidade autónoma as funcións e servizos inherentes ás competencias estatutariamente asumidas en materia de centros especiais de emprego, atribuíndoselle o seu exercicio á consellería competente en materia de traballo polo Decreto 168/1984, do 15 de novembro.

Mediante o Decreto 200/2005, do 7 de xullo, régúlase a autorización administrativa e a inscrición no Rexistro administrativo dos centros especiais de emprego de Galicia e a súa organización e funcionamento

O Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar correspondéndolle á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, entre outras funcións, a dirección, coordinación, control e execución das competencias da comunidade autónoma en materia laboral, atribuíndolle a Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social as funcións de cualificación e inscrición no rexistro administrativo de centros especiais de emprego e expedición de certificacións.

O organismo responsable da actividade estatística de centros especiais de emprego no seu conxunto é a Consellería de Traballo e Benestar. A preparación, recollida da información, tratamento e elaboración de resultados depende do Servizo de Cooperativas e Economía Social da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.



2.- Unidades estatísticas

As unidades estatísticas elementais son os centros especiais de emprego inscritos no Rexistro de Centros Especiais de Emprego da Consellería de Traballo e Benestar.

En base a esta información elabórase unha estatística na Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social. O ámbito poboacional alcanza a todos os centros especiais de emprego con domicilio na Comunidade Autónoma.

3.-Variables a investigar

Domicilio (sede) do centro

Actividade económica

Recóllese a actividade económica segundo a clasificación CNAE-2009

Centros de traballo

Cada centro de emprego pode ter un ou varios centros de traballo

Número de traballadores

De cada centro de emprego recóllese o número de traballadores discapacitados e non discapacitados e homes e mulleres

4.- Procesamento de Datos

Para obter a cualificación de centro especial de emprego e resultar inscrito no rexistro administrativo, débese presentar a correspondente solicitude ante a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, acompañada da seguinte documentación:

1. Xustificante de pago de taxas por servizos administrativos.
2. Fotocopia compulsada da alta na seguridade social como empresa.
3. Acreditación da personalidade do titular do centro.
4. Estudo económico das posibilidades de viabilidade e subsistencia do centro, en orde ao cumprimento dos seus fins.
5. Certificación relativa aos centros de traballo para os que solicita a cualificación especificando a relación nominal certificada do cadro de persoal do centro, indicando se se trata de persoal discapacitado ou non discapacitado.
6. Contratos de traballo do persoal discapacitado, segundo o modelo oficial establecido pola normativa específica.
7. Resolución motivada dos equipos multiprofesionais de valoración na que se determinen as posibilidades de integración real e capacidade de traballo de cada un dos traballadores discapacitados.

Os centros especiais de emprego poderán ser descalificados por algunhas das seguintes causas:

- a. Perda dos requisitos ou variación substancial das circunstancias necesarias para a cualificación como centro especial de emprego.
- b. Inactividade durante máis dun ano.
- c. Incumprimento das obrigas previstas legalmente, en particular a de presentación da memoria anual.
- d. Incumprimento das obrigas derivadas da concesión de axudas, subvencións ou calquera tipo de compensacións económicas das administracións públicas.

A cancelación da inscrición por cesamento voluntario da actividade requirirá autorización previa, que deberá ser solicitada expresamente polo titular do centro.

O expediente de cancelación iniciarase de oficio ou por instancia de parte e tramitarase e resolverase consonte as normas reguladoras do procedemento administrativo común, se ben deberá emitir informe preceptivo á Inspección de Traballo e Seguridade Social.

O Rexistro administrativo de centros especiais de emprego computa as inscricións destes centros mediante unha aplicación informática creada para o efecto e que permite incluír ou modificar os seguintes datos: datos xerais do centro especial de emprego (nº de rexistro, data do rexistro, denominación, enderezo completo, CIF, CNAE(2009), clave de actividade económica e datos persoais do representante, situación rexistral, número e clase de traballadores (discapacitados ou non discapacitados, clase de discapacidade e situación laboral, indefinido ou temporal)).

Como xa indicamos, toda a información recollida ten como fonte os datos do rexistro administrativo único de centros especiais de emprego, dependente da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social.

A preparación, recollida da información, tratamento da información e elaboración de resultados é levada a cabo polo Servizo de Cooperativas e Economía social da Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social e a súa difusión, pola Dirección Xeral de Traballo e Economía Social a través da Páxina Web da Consellería de Traballo e Benestar, así como, a través de memoria anual desta consellería.

En relación a esta estatística a información que se obtén refírese ao número de centros especiais de emprego constituídos no período de referencia dos datos e ao número de traballadores que os compoñen (discapacitados ou non) do cadro de persoal de centros.

5.- Deseño e explotación dos datos do rexistro

Variables de estudo

Centros especiais de emprego constituídos e descualificados, número de centros de traballo e número de traballadores nos centros especiais de emprego rexistrados (traballadores discapacitados e non discapacitados) e distribuídos por sexo.

Variables de clasificación

Os centros especiais de emprego clasificaranse por provincia, os traballadores clasificaranse por tipo (discapacitado ou non) e por sexo (homes e mulleres)

Co filtro destes datos, xeramos listados que nos dan información das seguintes variables de clasificación, recollidos no seguinte cadro, referidos ao período dun ano.

CADRO I: Centros especiais de emprego constituídos, número de centros de traballo dos centros de emprego, e traballadores (por clase de traballador: discapacitado ou non discapacitado, e por sexo).

CADRO II: Centros especiais de emprego descualificados e número de centros de traballo dos centros de emprego.

Cando proceda, é dicir, cando teñamos datos.

Anexos

Anexo I: Táboas co resultado da explotación estatística

Anexo II: Formulario **da base de datos** da que extraemos a explotación

Anexo I : Táboa estatística

Centros especiais de emprego constituídos en Galicia, clase de traballador (discapacitado ou non discapacitado. Ano 2012

	Centros especiais de emprego	Centros de traballo	Traballadores		Discapacitados		Non discapacitado	
			Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
Galicia	4	5	18	11	16	7	2	4

Anexo II

Formulario da base de datos da que extraemos a explotación



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

REGISTRO DE CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO

Usuario: Elena Juanatey Nieto Centro: 72

CEE

Inicio

Xestión

Informes

Mapa Web

Sa

No seguinte formulario pode dar de alta ou modificar os datos do Centro de Emprego como primeiro paso para posteriormente poder xestionalo. Complete os campos que coñeza co formato adecuado e prema en **Gardar Cambios**

CENTRO ESPECIAL DE EMPREGO

(*)Nº Folla:

(*)Data Inscripción: (DD/MM/AAAA)

Situación:

Data Baixa:

Titular do Centro

(*)Denominación

(*)NIF/CIF:

CNAE:

Forma Xurídica:

Domicilio Social

Vía:

Nº:

Piso:

Provincia:

Código Postal:

Comarca:

Concello:

Teléfono:

Fax:

Móbil:

E-Mail:

Web:

Sen Ánimo Lucro:

Data Resolución Carencia Ánimo Lucro:
(dd/mm/aaaa)

Data Resolución Perda Ánimo Lucro:
(dd/mm/aaaa)

Datos Estatísticos

Trab. Discapitados:

Indefinidos:

Temporais:

Trab. Non Discapitados

Homes:

Mulleres:

Total Traballadores

Estudos Superiores: 0 (0%)

Estudos Medios: (20%)

Estudos Básicos: (70%)

Sen Estudos: (10%)

Tipo discapacidade:

Non discapitado:

Física:

Psíquica:

Sensorial: 0 (0%)

Imprimir Ficha:



Ficha completa



Ficha pública



Representante Legal



Cadro de Persoal do CEE



Centros de Traballo



Endaves Laborais



Libro de Inscripción



Memoria Anual

(*)Os datos que son obrigatorios están marcados cun asterisco vermello

[Ir ao listado de Centros de Emprego](#)